

# Paradoxos do petróleo

## Description

Convén por veces parar no medio da vertixe dos acontecementos e do carrusel da diplomacia e guarismar nos tópicos aos que imos como se fosen explicativos e fóra de dúbida. En cuestións de guerras e conflitos armados, nas que a patoloxía social está tan descuidada cando tanta falta faría, e sorprende que sa faga tanto estudo da paz e tan pouco das raigañas do conflito, repítese ao falar de guerras recentes, como si se tratase dunha descuberta reveladora, algo así como as intuicións darwinianas ou freudianas, que toda a culpa ven de querer o control do petróleo. Que, por baixo dos motivos que se achegan para xustificar o uso das armas, está o petróleo.

Trátase de deslexitimar o recurso ás armas si se revela que, en realidade, todo é polo petróleo. A ética da guerra nunca estivo clara. Un fenómeno que acompaña a historia humana, antes do amor, si non antes da sexualidade, vai recollendo interpretacións e seudoxustificacións según a moda dos tempos ou a historia das ideas, si queremos darlle máis nobreza terminolóxica. A literatura occidental comeza cunha historia de guerra sin aforro de sangue. E a reflexión moral non avanzou moito. Todo o máis, prantexouse no cristianismo a cuestión da guerra xusta, admitindo que guerras ten que haber.

Queda de todo iso unha especie de xerarquía das invocacións que se fan para mobilizar ao pobo, ou máis ben á xuventude, aínda que nos tempos da guerra total o risco se xeneralice. Chámase as armas para defender a patria, ou as fronteiras, ou a civilización. En tempos máis recentes, invócase a defensa da democracia, ou a do Islam ameazado, por citar dúas que teñen vixencia ben actual. Calquera desas invocacións ennombrece. E para desacreditar idealismos dise, por exemplo, que non hai tales ideais, que "todo é polo petróleo".

¿E por qué non había de ser? Esa frase pódese dicir ao volante dun automóvil ou no confort dunha viaxe aérea. O petróleo que fai posible esas comodidades ¿non xustificará que outros morran por conseguilo? ¿Non haberá aí tanta hipocresía como a que leva a ocultar o motivo económico con proclamas idealistas?

Enguedéllase o tema có angulo ecolóxico. Cando queremos substituir o petróleo por outras fontes de enerxía, xúntase á preocupación ética un tema xeopolítico, que é o da independencia enerxética. Se o petróleo non está nas mans de quen no sexa do noso agrado, millor sería non depender dele. Pero cando pensamos así, esquecemos que o petróleo é o motor do desenvolvemento de moitos países que resulta que non foron os vectores da nosa modernidade. Que os ingresos procedentes do petróleo se usen "mal", como nos reximes autocráticos, ou "ben" como nos populistas, non é o fundamental. Compre perguntar si de verdade queremos deixar desprovistas de recursos e dependentes de novo da nosa boa vontade a esas partes do mundo polas que as nosas democracias occidentais tanto gustan de verter bágoas de cocodrilo.

É ben difícil saber o que queremos e distinguilo de que queremos querer.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

## APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Outros ARQUIVO

## IDIOMA

Galego

## Date Created

Xullo 2, 2009

## Meta Fields

**Autoria :** 10041

**Datapublicacion :** 2009-07-02 00:00:00